


Que aconteceu despois do Big Bang?

O venres 15 de decembro Víctor López Pardo do IGFAE (Instituto Galego de Física e Altas Enerxías) veu ao noso instituto dar unha charla aos alumnos de 4º da ESO.

Na charla falounos da creación do universo, dende o Big Bang ata a creación da nosa galaxia, do noso planeta, da vida humana...

Nos primeiros microsegundo despois do Big Bang o universo atopábase nun estado de plasma de quarks e gluóns o estado máis quente que se coñece, despois arrefriou e pasou a plasma que proximamente pasaría a gas. Falounos da creación da nosa estrela, do sol, que se creou en outubro e a creación da vida humana, dos dinosaurios... coas suas horas exactas.



Aprendemos tamén cousas acerca do acelerador de partículas en Xenebra.

E falamos de cousas importantes coma o Big Bang, o plasma, a materia, etc

A parte deste aprendemos palabras novas para nós coma os gluóns que son os "enlaces" dos quarks dentro dun átomo.

Persoalmente a charla gustoume moito xa que trataba temas moi interesantes para min e a forma de explicala foi moi didáctica e penso que nos ensinou moito sobre este tema.

Os alumnos tamén lle puideron preguntar cousas coma:

-A que temperatura se atopaba o universo cando non había partículas?

·É certo algunha partícula de hidróxeno e polo tanto atopábase a unha temperatura duns 3 grados kelvin e dicir -270°C

-Que pasaría se Andromeda se achegase moito a nós? Poderíanse xuntar as galaxias?

·Simplemente se cruzarían

Aroa Martínez Martínez 4ºA